

Un ano mais representación da escola de fútbol sala de Celanova no torneo de fútbol sala Cidade de Lugo o mais prestixoso de España. A escola estivo representada polos dous equipos alevíns e o equipo benxamín. Comenzou o equipo alevín-B na fase previa 27-28-29 de Decembro, cunha participación destacadísima chegando ata a final que perderon ante o Liceo da Coruña. A semana seguinte do 02-03 Enero desplazábanse a Lugo o equipo Benxamín e mais o Alevín-A para disputar a fase final que por primeira vez contou con dous equipos da escola nela. O Alevín-A competiu en todo momento nun grupo onde se encontraban tres equipos campeóns de España en distintas categorías nos últimos anos, perdeu 2-1 ante o Club do Mar da Coruña, empatou 2-2 ante o Plásticos Romero de Murcia e finalmente no derradeiro encontro xa sin opcións volveu a perder ante o Liceo da Coruña. E a gran sorpresa positiva veu protagonizada polo benxamín que se chegou a xogar o pase a semifinais ante o Azkar de Lugo encontro que resultou moi igualado aínda que rematou gañando o Azkar, despois de haber empatado ante o Extremadura FS. e haber gañado con contundencia ante o Leis de Pontevedra 5-1.





